



**CORRELINGUA 2018**

*A lingua non para*

### **BASES PARA O CONCURSO CANTALINGUA**

1. Cantalingua é un concurso musical destinado a bandas ou solistas que desenvolven a súa actividade en galego, organizado polo Correlingua.
2. Poden participar grupos musicais ou solistas de calquera estilo que teñan o galego como lingua.
3. Poderase participar cunha canción por cada grupo ou solista que será enviada en formato mp3 a [correlingua@correlingua.gal](mailto:correlingua@correlingua.gal) antes das 24 h do 1 de abril de 2018.
4. A canción que se presente deberá ser orixinal -fican excluídas as versións- e **integralmente** en lingua galega. Valorarase especialmente que se trate dun tema creado para a actividade.
5. Excluíranse as cancións que teñan contidos de carácter sexista, homófobo, racista, violento, discriminatorio, en definitiva, contidos inadecuados ou contrarios aos fins pedagóxicos e educativos do Correlingua ou que a organización considere pouco adecuados para o público destinatario.
6. Ademais do tema en formato MP3 deberase enviar unha pequena presentación da banda ou solista e unha fotografía, ademais de indicar un enderezo electrónico e teléfono de contacto.
7. As cancións participantes colgaranse na páxina [www.cantalingua.gal](http://www.cantalingua.gal) e publicitaranse por outras canles e redes sociais para que cheguen ao maior número de persoas posibles.
8. O xuri estará integrado por alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de centros participantes no Correlingua e por membros da organización do Correlingua, que determinará os grupos ou solistas gañadores.
9. Os gañadores serán dados a coñecer en abril de 2018 a través da páxina do Correlingua.
10. O premio consistirá en actuar dentro da programación do Correlingua. As

actuacións repartiranse entre os tres primeiros clasificados de maneira equitativa e de acordo coa súa dispoñibilidade, cunha remuneración de **600 € brutos** por actuación. O primeiro clasificado escollerá as actuacións en primeiro lugar, o segundo en segundo e o terceiro en terceiro lugar. No caso de que algún dos gañadores non puiden participar nalgún dos concertos a lista irá correndo até completar todas as datas cos grupos que ficasen entre os 10 primeiros.

- 11.** Todos os concertos serán pola mañá, entre o 2 e o 16 de maio e terán unha duración aproximada de vinte minutos.
- 12.** Os grupos seleccionados comprométese a que todo o concerto e a comunicación dos grupos que actúen no Correlingua sexa integramente en galego. Nestas actuacións poderán interpretar versións, sempre e cando sexan en galego. En todo caso tamén deberán ser letras axeitadas ao carácter pedagóxico da actividade e á idade do alumnado que vai de infantil a secundaria. O comportamento e a linguaxe empregada durante as actuacións debe axustarse ao público.
- 13.** En caso de incumprimento dos dous puntos anteriores a organización do Correlingua reserva para si o dereito de cancelar os seguintes concertos do grupo e anular o premio concedido inicialmente.
- 14.** A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

**Correlingua**  
[www.correlingua.gal](http://www.correlingua.gal)  
**Facebook: Correlingua**  
[Avenida de Lugo 2A](#), entresollado A  
15702- Santiago de Compostela  
tlf: 698180557